

A IDADE MODERNA

1. O CONTEXTO HISTÓRICO

O esplendor da literatura galega na Idade Media foi seguido dunha gradual decadencia desde a segunda metade do século XIV. A marxinación política fixo que o galego quedase fóra dos circuitos do poder e da cultura nun período que comprende os séculos XVI, XVII e XVIII. Os feitos que orixinaron o arredamento e o declive de Galicia foron:

a) A guerra entre Pedro I e Henrique de Trastámara

(1366-1369), que provocou unha grande inestabilidade social. Moitos nobres galegos, que apoiaran a Pedro I, foron reprimidos con dureza tras a morte deste e a Galicia chegou unha nobreza foránea, case toda orixinaria de Castela, que introduciu o castelán como lingua das novas clases dirixentes (políticas e relixiosas).

b) O fracaso das revoltas antinobiliarias dos Irmandiños no século XV, que supuxo a eliminación política da incipiente burguesía, o sometemento da pequena nobreza e unha maior explotación das clases populares.


c) A loita entre Isabel a Católica e Xoana a Beltranexa pola coroa de Castela, que dividiu a nobreza galega en dous bandos, o da nobreza eclesiástica, capitaneada polo arcebispo Alonso II de Fonseca, que apoiou a Isabel, e o da maioría da nobreza laica que loitou de parte da **Beltranexa**. Gañadores os partidarios da futura raíña Isabel (1480), soamente a resistencia de



O Mariscal Pardo de Cela

Pedro Madruga en Portugal e a do mariscal Pardo de Cela no norte da provincia de Lugo deron detido por uns anos a política de integración de Galicia no seo da monarquía hispánica. Este proceso de integración pasou polas seguintes etapas:

- Represión dos nobres que apoiaran o bando perdedor. Os considerados perigosos foron trasladados á corte de Valladolid e levados ás guerras da Reconquista. Os que se resistiron foron axustizados, como Pardo de Cela, logo mitificado e convertido en símbolo da resistencia contra os intereses do nacente imperio español.
- Substitución das clases dirixentes da Igrexa galega e reforma dos mosteiros, que perderon a súa autonomía e pasaron a depender das congregacións de Castela.
- Implantación de novas institucións de goberno ao servizo da monarquía centralizada:



A Santa Irmandade → é o nome xenérico co que se coñecían os grupos de xente armada instituídos en 1476 polos Reis Católicos e pagados polos concellos para perseguiren os malfecedores e criminais. Pode considerarse como o primeiro corpo policial que houbo en Europa.

A Capitanía Xeral → O Capitán Xeneral e Gobernador de Galicia tiña a función de coñecer e sentenciar as causas civís ou criminais. Tamén tiña o poder para desterrar calquera persoa que

crese necesario, nomear xuíces e corrixidores e a recrutar para guerra. O gobernador actuaba como delegado do goberno central.

A Real Audiencia → A Real Audiencia de Galicia foi un tribunal creado para a restauración da xustiza real e o sometemento dos señores, no contexto da pacificación do Reino de Galicia en tempos dos Reis Católicos. Nas súas orixes a institución era simultaneamente órgano de goberno e de xustiza sendo o antecedente do actuais Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Capitanía Militar da Coruña



Edificio da Real Audiencia. A Coruña
Hoxe Capitanía Xeral Militar

O Tribunal da Inquisición → Foi unha institución fundada en 1478 polos Reis Católicos para manter a ortodoxia católica nos seus reinos. A Inquisición foi un importante instrumento na política chamada limpeza de sangue contra os descendentes de xudeus e musulmáns convertidos.

A Xunta do Reino → Organismo consultivo intermediario entre Galicia e a Coroa con funcións de xestión fiscal, pero carente de iniciativa propia e submiso á autoridade dos reis.

Todos estes organismos dirixíanos persoas foráneas de confianza dos reis, e na súa maioría nin se integraron en Galicia nin se comprometeron coa súa lingua.

- Retirada do dereito a voto de Galicia nas Cortes (1348) a favor da provincia de Zamora, que non se recuperou deica 1622.

d) As guerras en que se viu inmersa a coroa repercutiron en Galicia nas continuas levas de soldados e no aumento da presión fiscal, e converteron as súas costas e os seus portos en branco do ataque de piratas e das armadas das potencias inimigas. En 1585, Drake atacou Vigo e, en 1589, A Coruña, que defendeu heroicamente María Pita; en 1719, a armada inglesa tomou os portos de Ribadeo, Vigo, Redondela e Pontevedra, e atacou desde o mar Ares, Caión e Fisterra.



Ataque de Francis Drake a Vigo

e) A política centralista da dinastía borbónica no século XVIII, que levou a cabo unha fonda reforma administrativa e xeneralizou o ensino en castelán (1707).

2. Consecuencias lingüísticas

O galego seguiu sendo a lingua maioritaria en toda Galicia, pero quedou como lingua das clases baixas, campesiños e mariñeiros, mentres que o castelán pasou a ser a lingua das novas clases dirixentes (nobres, xerarquía eclesiástica e altos funcionarios). O galego deixou de empregarse na redacción de documentos e noutros textos de carácter utilitario a partir das primeiras décadas do século XVI. En consecuencia:

- O galego non se conformou como lingua de Estado, ao quedar Galicia baixo a dependencia da coroa de Castela.
- Despois do concilio de Trento (1562), a Igrexa galega adoptou o castelán para explicar os textos sagrados nas homilías e para o ensino da doutrina na catequese.



O Pazo Fonseca

- A nacente universidade, que usaba o latín nas exposicións académicas, empregou o castelán no resto das disposicións e comunicados.
- O galego non participou na incorporación do vocabulario da administración nin do da vida intelectual e espiritual, que as outras linguas romances tomaron das fontes clásicas gregas e latinas.
- A lingua literaria quedou fóra das innovacións léxicas e sintácticas que o Humanismo e o Renacemento achegaron á maioría das outras linguas.
- O galego non tivo gramáticas nin dicionarios, en contraste co que aconteceu en castelán e en portugués.
- Ao carecer dun modelo culto de referencia autónomo, prodúcese unha introdución de castelanismos.
- Empeza a castelanización arbitraria dos antropónimos e dos topónimos de Galicia (**Outeiro** > ***Otero**, **Bieito** > > ***Benito**, **Soutelo** > ***Sotelo**, **Viveiro** > ***Vivero**, **Lobeira** > ***Lobera...**).
- Aparece, en amplas capas da sociedade, un sentimento de minusvaloración do galego, que levou a consideralo como unha lingua inferior, incapaz de asumir determinadas funcións de prestixio e de cultura.
- O galego non chega a ter nesta época unha variedade estándar de modelo común para todos.

